

## XEFATURA DO ESTADO

**3435** *REAL DECRETO LEI 3/2006, do 24 de febreiro, polo que se modifica o mecanismo de casación das ofertas de venda e adquisición de enerxía presentadas simultaneamente ao mercado diario e intradiario de produción por suxeitos do sector eléctrico pertencentes ao mesmo grupo empresarial.* («BOE» 50, do 28-2-2006.)

A Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico establece un modelo de liberalización para o sector eléctrico no cal a enerxía se negocia arredor dun mercado diario de produción.

O Real decreto lei 6/2000, do 23 de xuño, de medidas urxentes de intensificación da competencia en mercados de bens e servizos introduce a posibilidade de negociación aos comercializadores a través de contratación bilateral física.

O Real decreto lei 5/2005, do 11 de marzo, de reformas urxentes para o impulso á produtividade e para a mellora da contratación pública, incorpora a posibilidade de que as empresas distribuidoras tamén negocien a enerxía eléctrica a través de contratos bilaterais con entrega física.

Por outra parte, a evolución dos prezos da enerxía eléctrica no mercado diario desde finais de 2005 aconsella a necesidade de impulsar dunha forma decidida a negociación de contratos bilaterais físicos, especialmente naqueles suxeitos do mercado pertencentes a un mesmo grupo empresarial que acudan ao mercado diario con ofertas de adquisición e venda de enerxía simultaneamente para un mesmo período de programación.

Na presente disposición, procédese a assimilar a contratos bilaterais físicos, con carácter previo á casación do mercado diario, as cantidades de enerxía eléctrica coincidentes de venda e adquisición presentadas por eses suxeitos, de forma que estes soamente poderán participar na casación coa posición neta do grupo a que pertencen.

Por outra parte, a internalización do valor dos dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro na formación de prezos no mercado por xunto de electricidade require reflectir esta situación minorando a remuneración das unidades de xeración afectadas en importes equivalentes. Ademais, o elevado volume de déficit tarifario xerado no período transcorrido do ano 2006 aconsella que se desconte o valor dos dereitos de emisión para os efectos de determinar a contía do dito déficit.

O risco existente de elevados prezos no mercado de produción de enerxía eléctrica, cos seus efectos negativos inmediatos e irreversibles sobre os consumidores finais, xustifica a urxencia na adopción das medidas contidas na presente disposición e o carácter extraordinario delas.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Industria, Turismo e Comercio, ao abeiro do artigo 86 da Constitución española e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 24 de febreiro de 2006,

DISPÓÑO:

**Artigo un.** *Casación de ofertas no mercado diario e intradiario presentadas por suxeitos do mesmo grupo empresarial.*

1. Até se implementar a normativa pola cal as empresas distribuidoras negocien a enerxía eléctrica a través de contratos bilaterais con entrega física, as ofertas de venda e adquisición de enerxía eléctrica presentadas simultaneamente por suxeitos pertencentes ao mesmo grupo

empresarial nos mercados diario e intradiario de produción e no mesmo período de programación, serán asimiladas a contratos bilaterais físicos polo operador do mercado polas cantidades coincidentes de venda e adquisición, de maneira que os ditos suxeitos só poidan participar na casación pola posición neta do grupo, que poderá ser alternativamente compradora ou vendedora.

2. Para o cumprimento do establecido no número anterior, só se incluírán as ofertas de venda presentadas por instalacións de xeración en réxime ordinario e as ofertas de adquisición das empresas distribuidoras. O Goberno poderá modificar as ofertas de venda e adquisición suxeitas a este cumprimento.

3. O procedemento de asimilación das ditas ofertas, así como o seu tratamento no que respecta á xestión técnica do sistema, establécense no anexo desta disposición.

4. Para os efectos de definir os suxeitos pertencentes a un mesmo grupo empresarial observarase o disposto no artigo 4 da Lei 24/1998, do 28 de xullo, do mercado de valores.

5. Para os efectos de liquidación de actividades reguladas da Comisión Nacional de Enerxía, o Goberno determinará o prezo provisorio a considerar para os distribuidores pola enerxía adquirida a través do mecanismo de asimilación descrito no número un.

Así mesmo, o Goberno determinará o prezo definitivo ao cal se recoñecerán as ditas adquisicións de enerxía realizadas por parte das mencionadas empresas distribuidoras ao longo do ano en cuestión. Este prezo basearase en cotizacións de mercados de electricidade que serán obxectivas e transparentes.

6. Habilítase o Goberno para modificar o procedemento establecido no anexo desta disposición.

**Artigo dous.** *Consideración dos dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro do Plan Nacional de Asignación 2006-2007.*

1. A partir do día 2 de marzo de 2006, para as taxas correspondentes ao 3 de marzo de 2006, a retribución da actividade de produción de enerxía eléctrica a que fai referencia o artigo 16.1.a) da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, minorarase o importe equivalente ao valor dos dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro asignados gratuitamente aos produtores de enerxía eléctrica mediante Acordo de Consello de Ministros do 21 de xaneiro de 2005, de conformidade co previsto no Plan Nacional de Asignación 2005-2007, durante os períodos que correspondan.

Para os efectos do cálculo dos importes dos eventuais saldos negativos da liquidación da tarifa do ano 2006 correspondentes ao período desde o día 1 de xaneiro de 2006 ata o día 2 de marzo de 2006, inclusive, estes importes minoraranse para cada grupo empresarial ao cal pertencen as empresas que figuran no número 1.9 do anexo I do Real decreto 2017/1997, do 26 de decembro, nunha cantidade equivalente ao valor dos dereitos de emisión asignados por Acordo de Consello de Ministros do 21 de xaneiro de 2005 á totalidade de unidades de produción en réxime ordinario de cada grupo empresarial, durante o mesmo período.

2. O valor unitario de referencia dos dereitos de emisión será o prezo de mercado do período a que correspondan calculado de maneira transparente e obxectiva.

3. Habilítase o ministro de Industria, Turismo e Comercio para o desenvolvemento regulamentario desta disposición.

**Disposición adicional primeira.** *Aplicación.*

O establecido no artigo primeiro desta disposición comezará a aplicarse o día 2 de marzo de 2006 para as casacións correspondentes ao 3 de marzo de 2006.

**Disposición adicional segunda.** *Identificación de grupos empresariais.*

Antes do 2 de marzo de 2006, os axentes do mercado diario de produción deberán comunicar ao operador do mercado o grupo empresarial ao cal pertencen de conformidade co establecido no artigo un, número 4, desta disposición.

**Disposición derogatoria única.** *Derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto lei.

**Disposición derradeira primeira.** *Carácter do real decreto lei.*

Este real decreto lei ten carácter básico, de acordo co establecido no artigo 149.1.13 e 25 da Constitución.

**Disposición derradeira segunda.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ao de su publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid, o 24 de febreiro de 2006.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

**ANEXO****Procedemento de asimilación de ofertas a contratos bilaterais físicos**

1. Unha vez fechado o prazo de presentación de ofertas de venda ou adquisición de enerxía eléctrica no mercado diario e intradiario e antes de realizar a casación, o operador do mercado procederá a assimilar a contratos bilaterais físicos aquelas ofertas presentadas por suxeitos pertencentes a un mesmo grupo empresarial polas cantidades coincidentes de venda e adquisición no mesmo período de programación.

O operador do mercado incorporará na casación as ofertas correspondentes á posición neta do grupo que non fosen asimiladas a contrato bilateral físico polo procedemento anterior, posición que poderá ser alternativa-mente compradora ou vendedora.

Nos grupos empresariais que, nun mesmo período de programación, teñan unha posición neta vendedora, o operador do mercado asimilará a contrato bilateral as ofertas de venda de menor prezo coa totalidade das ofertas de adquisición do grupo; a seguir, incorporará á casación as ofertas de venda restantes.

Caso de que teñan unha posición neta compradora nun mesmo período de programación, o operador do mercado asimilará a contrato bilateral as ofertas de adquisición de maior prezo coa totalidade das ofertas de venda do grupo; a seguir, incorporará á casación as ofertas de adquisición restantes.

2. O operador do mercado comunicará aos suxeitos as ofertas que fosen asimiladas a contratos bilaterais físi-

cos e serán estes os que procederán á súa comunicación ao operador do sistema para efectos da elaboración do programa diario base de funcionamento.

O operador do sistema considerará as ditas ofertas como contratos bilaterais físicos para realizar a xestión técnica do sistema.

3. No que respecta á liquidación de actividades reguladas da Comisión Nacional de Enerxía, durante o ano 2006 o prezo provisorio a considerar para os distribuidores pola enerxía adquirida a través do mecanismo de asimilación descrito no número 1 será o custo medio previsto na tarifa de 2006 para a enerxía xerada no réxime ordinario para o territorio peninsular, incluíndo os custos dos servizos de axuste e a garantía de potencia, que se corresponde con 42,35 €/MWh.

**3436 REAL DECRETO LEI 4/2006, do 24 de febreiro, polo que se modifican as funcións da Comisión Nacional de Enerxía.** («BOE» 50, do 28-2-2006.)

As tendencias de concentración empresarial nos mercados enerxéticos mundiais e europeos puxeron de relevo determinadas insuficiencias na lexislación vixente. Insuficiencias que teñen polo menos unha dobre faceta: por unha parte, non se teñen en conta todos os intereses cuxa protección polos poderes públicos parece conveniente; por outra, non somete a simétrica consideración as operacións calquera que sexa o axente promotor destas.

Así, conforme a lexislación vixente, non resulta posible examinar en todos os supostos a adquisición do control dunhas empresas por outras, na medida en que afecten a intereses xerais da política enerxética española e, en particular, á seguridade pública. Ademais, mentres que na súa actual redacción a función décimo cuarta da Comisión Nacional de Enerxía, regulada na disposición adicional undécima.Terceiro.1 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, condiciona á autorización da Comisión Nacional de Enerxía a toma de participación por sociedades con actividades reguladas en calquera entidade que realice actividades de natureza mercantil, non establece a mesma previsión cando a sociedade obxecto da participación realiza actividades reguladas pero non a sociedade que pretende a dita participación.

A corrección de ambas as dúas insuficiencias, que require unha disposición con rango de lei, adquire carácter de extrema e urxente necesidade, por canto que é necesario establecer sen dilación as características da nova regulación, de maneira que os axentes económicos dispoñan dunhas perspectivas claras do marco xurídico en que exercer as súas opcións empresariais ou financeiras.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Industria, Turismo e Comercio, ao abeiro do artigo 86 da Constitución española, e logo de deliberación de Consello de Ministros na súa reunión do día 24 de febreiro de 2006,

**DISPONGO:****Artigo único.** *Funcións da Comisión Nacional de Enerxía.*

Dáse nova redacción á disposición adicional undécima, Terceiro. 1. Décimo cuarta da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, que queda redactada como segue

«Décimo cuarta.–1. Autorizar a adquisición de participacións realizada por sociedades con actividades que teñen a consideración de reguladas ou actividades que estean suxeitas a unha intervención administrativa que implique unha relación de suxei-